

- MURALLA**
- XACEMENTOS ROMANOS**
- MUSEOS / SALAS DE EXPOSICIÓNS**
- MONUMENTOS RELIXIOSOS**
- EDIFICIOS DE INTERESE**
- OUTROS**
- INFORMACIÓN TURÍSTICA**
- CAMIÑO DE SANTIAGO**

MURALLA

1 PORTA DE SANTIAGO OU DO POSTIGO

De orixe romana. Foi coñecida no medievo como Porta do *Posticu*, *Poxigo* ou *Postigo*. Foi reconstruída en 1759 polo bispo Izquierdo, que situou no interior o seu escudo de armas e unha fornela coa imaxe ecuestre de Santiago. Dende esta reforma foi porta de saída cara a Santiago do Camiño Primitivo.



2 PORTA DO BISPO AGUIRRE

Foi aberta en 1894 para comunicar a cidade co Seminario inaugurado en 1893 polo prelado que lle dá nome á porta e tamén co antigo cemiterio que fora construído en 1850. A porta foi proxectada polo arquitecto provincial Nemesio Cobreros.



3 PORTA DO BISPO IZQUIERDO DO CAMPO CASTELO OU DO CÁRCERE

Aberta en 1888 para comunicar o cárcere modelo, que se acababa de inaugurar, cos xulgados. Redactou o proxecto o arquitecto Nemesio Cobreros. As dimensións da porta están condicionadas polo lugar de apertura no que anteriormente había unha escaleira de acceso á Muralla, situada entre dous edificios.



4 REDUTO MARÍA CRISTINA

Este bastión angular fíxose en 1837 para reabrir o camiño de rolda que se atopaba interrompido por varias construcións asentadas sobre o trazado inicial da Muralla, e tamén para mellorar a defensa da cidade en plena Primeira Guerra Carlista. O reduto defensivo leva o nome da raíña rexente María Cristina.



5 TORRE DA MOSQUEIRA

Todos os cubos ou torres da Muralla tiñan orixinalmente sobre a altura do adarve unha construción de dous pisos. En cada andar abríase unha liña de fiestras ou forínsecos con arcos de medio punto. Esta torre conserva, aínda que modificado no s. XIX, o único testemuño arqueolóxico destas estruturas.



6 PORTA DE SAN PEDRO OU TOLEDANA

Porta romana que daba entrada á vía XIX procedente de Astorga. Na Idade Media citase como Porta *Toletana*. O nome de San Pedro provén dunha capela que houbo extra muros (San Pedro de Fóra). A inscrición situada baixo o escudo da cidade informa da reedificación da porta en 1781.



7 PORTA DA ESTACIÓN

Houbo unha porta anterior proxectada por Nemesio Cobreros e aberta en 1875, que unía a cidade coa estación de ferrocarril. En 1918 acordouse ampliar aquela porta para unha comunicación máis fluída entre a estación e o centro da cidade. Luciano Travadelo, arquitecto municipal, deseñou a nova porta.



8 PORTA FALSA

Porta orixinal romana de tipo *posterula* (poterna ou porta falsa) de uso exclusivamente militar. Na Idade Media e na Moderna tivo relación co Hospital de San Bartolomeu. A súa conformación actual corresponde ao ano 1798 en que foi modificada conservando aínda restos do arco que corresponde á bóveda anterior.



9 PORTA DE SAN FERNANDO OU DO PRÍNCIPE AFONSO

Aberta en 1853, rematouse o ano seguinte. En 1858, con motivo da visita á cidade da raíña Isabel II, o Concello acordou darlle o nome do Príncipe Afonso, futuro Afonso XII. A actual porta de San Fernando, de maiores dimensións que a do Príncipe, foi construída en 1963.



10 PORTA NOVA

A porta antiga de orixe romana, con algunha reforma medieval, foi derrubada en 1899 por atoparse en estado ruinoso. A actual foi construída, seccionando o cubo de flanqueo dereito, polo arquitecto Álvarez de Mendoza en 1900. A porta orixinal servía de paso á vía XX que enlazaba *Lucus* con *Brigantium*.



11 VESTIXIOS ROMANOS DA MURALLA

Vestixios exhumados en 1998, ao reabrirse as gabias para servizos da rúa Nova. O anaco de paramento granítico que se observa en detalle, con perpiños trabados a agulla e tranqueiro, un deles con inscrición romana (*fundamenta*) alusiva ás cimentacións da obra, é datable na segunda metade da terceira centuria. Moi probablemente corresponde á dependencia anexa a unha das portas da cidade de entón. A calzada, que discorria contigua, coincidiría coa vía XX do itinerario de Antonino, que enlazaba *Lucus Augusti* (Lugo) con *Brigantium* (A Coruña). O seu pavimento, estratificado en capas sucesivas, corresponde a fases históricas diversas que se poden datar entre os séculos I e V da nosa era.



12 PORTA DO BISPO ODOARIO OU DO HOSPITAL

Acabada en 1928 para comunicar a cidade co Hospital de Santa María, despois do contencioso iniciado en 1921, cando o alcalde López Pérez ordenou abri-la dinamitando un cubo, e que acabou coa declaración da Muralla como Monumento Nacional. O proxecto da porta foi redactado polo arquitecto Ramiro Sainz.



13 PORTA MIÑÁ OU DO CARME


Entre as portas de orixe romana, é a que mellor conserva a súa estrutura primitiva. Era a entrada de vía XIX procedente de *Bracara Augusta*, e enlazaba co *decumanus maximus* de *Lucus Augusti*. A denominación de Miñá alude ó río Miño, e a do Carme á próxima capela.



XACEMENTOS ROMANOS


14 PISCINA ROMANA

Datada no século IV d.C., a súa decoración de teselas relaciónase con mosaicos cristiáns de África. Crese que puido pertencer a un baptisterio paleocristián, pero non se exclúe a posibilidade de que formase parte duns baños termais ou dun *balneum* doméstico.




15 ACUEDUTO ROMANO

Tramo do acueduto romano (s. I. d.C.), que discorre por unha distancia de pouco máis de 2 km. Foi realizado segundo a técnica do *opus caementicium* (formigón romano). A construción en lousa pertence a unha reforma posiblemente medieval, pero en todo caso anterior á obra realizada polo bispo Izquierdo no século XVIII.



16 CASA DOS MOSAICOS

Musealización de restos arqueolóxicos dos ss. III e IV do que foi unha rica *domus* romana. Algunhas dependencias conservan parte do pavimento de mosaicos de temática xeométrica e vexetal e paredes adornadas con pinturas murais. Organizados ó redor dun patio, outros cuartos da casa dispoñían dun sistema soterrado de calefacción.



17 TEMPLO DE MITRA

18 CENTRO ARQUEOLÓXICO SAN ROQUE

19 TERMAS ROMANAS E PONTE ROMANA

MUSEOS / SALAS DE EXPOSICIÓNS

20 MUSEO PROVINCIAL

Creado en 1932, foi trasladado en 1957 a este edificio que integra as dependencias que se conservan do antigo cenobio franciscano (claustro do s. XV, cociña e refectorio). O Museo garda e exhibe importantes coleccións de belas artes, arqueoloxía e ourivería prerromana. Foi declarado Ben de Interese Cultural en 1962.



21 MUSEO INTERACTIVO DE HISTORIA DE LUGO (PARQUE DA MILAGROSA - AVD. DUQUESA DE LUGO)

22 SALA DE EXPOSICIÓNS PORTA MIÑÁ

23 SALA DE EXPOSICIÓNS CAPELA DE SANTA MARÍA

MONUMENTOS RELIXIOSOS

24 CATEDRAL E MUSEO DIOCESANO

En 1129 iníciase a edificación do templo románico. No século XIV a cabeceira orixinal é substituída polo deambulatorio e as capelas absidais góticas. Engadidos renacentistas e barrocos (claustro, capela da Virxe dos Ollos Grandes, etc.) conforman coa fachada neoclásica do XVIII o magnífico conxunto actual. O Museo Diocesano, con pezas arqueolóxicas de gran valor, ocupa o triforio, o claustro e outras dependencias catedralicias.



25 PAZO EPISCOPAL

O prelado Afonso Enríquez edificou un pazo, do que aínda se conserva unha parte, entre 1478 e 1480. O pazo actual, rematado en 1743 polo bispo Caetano Xil Taboada, cuxo escudo preside a fachada, debeu ter unha etapa construtiva anterior, que algúns autores sitúan no século XVII e outros no XVIII.



26 IGREXA E CONVENTO DOS RR. PP. FRANCISCANOS

Sede do antigo Seminario Conciliar fundado en 1598 polo bispo Otaduy e reformado polo bispo De los Ríos entre 1858-1863, cando se realizou a actual fachada. Os franciscanos, exclaustrados do anterior convento na desamortización de 1835, pasaron a ocupalo en 1893, e en 1896 levantaron a igrexa proxectada por Cobreros.



27 IGREXA DE SANTIAGO, A NOVA

A igrexa conventual de Santa María, A Nova, parroquial de Santiago dende 1859, foi construída en dúas fases. Na primeira (1681-1688) erguéronse os muros, e na segunda (1757-1764) fixéronse as bóvedas e a cúpula. A actual fachada fíxose en 1914 para aliñar a igrexa coas casas da rúa da Raiña.



28 IGREXA DO CONVENTO DE SAN DOMINGOS

A finais do século XIII os dominicos establécense neste lugar. A igrexa conventual comeza a construírse en 1303. Do estilo gótico mendicante conserva as absidas da cabeceira e a porta meridional oculta polo pórtico barroco (s. XVII). Actualmente o convento pertence ás Agostiñas recolectas.



29 IGREXA DE SAN PEDRO (CONVENTUAL DE SAN FRANCISCO)

O actual templo parroquial de San Pedro foi igrexa conventual franciscana. De fábrica gótica moi semellante á maioría dos templos mendicantes galegos, a súa construción sitúase entre fins do s. XIV e principios do XVI. Foi declarada Monumento Histórico Artístico (hoxe Ben de Interese Cultural) en 1931.



30 XARDÍN DO MUSEO PROVINCIAL E COCIÑA DO CONVENTO DE SAN FRANCISCO

O xardín leva o nome dos fillos de Antón de Marcos, irmáns Fernández López, mecenas lucenses que contribuíron decisivamente ao desenvolvemento do Museo Provincial. Nel sitúase a cociña conventual franciscana, coa súa singular cheminea, construída no século XVIII e hoxe integrada no Museo.



31 IGREXA DE SAN FROILÁN

Igrexa do antigo Hospital de San Bartolomeu. Presenta dúas fases construtivas: unha de principios do s. XVII que corresponde ao corpo do edificio, e outra que afecta á fachada barroca (mediados do século XVIII) custeada polo bispo Izquierdo, e posiblemente trazada polo arquitecto compostelán Frei Manuel dos Mártires.



32 RESTOS DO VELLO CÁRCERE ECLESIASTICO

Neste edificio, moi alterado por reformas e destrucións posteriores, estivo o antigo cárcere de Lugo, comezado a construír polo bispo Izquierdo en 1757 e rematado en 1797, sendo prelado D. Felipe Peláez. A autoría desta obra é atribuída ao compostelán Alexos Frieiro.



EDIFICIOS DE INTERESE

33 CASA DO CONCELLO

Unha das máis fermosas mostras do barroco civil galego. Lucas Ferro Caaveiro, en 1735, deu as trazas para este edificio que conxuga o aire de pazo coa "loggia" inferior aberta propia das construcións urbanas italianas. A nova casa consistorial substituíu a anterior renacentista proxectada por Pedro de Artiaga en 1571.



34 PAZO DE SAN MARCOS. DEPUTACIÓN PROVINCIAL

O chamado Pazo de San Marcos foi deseñado para hospital. O primeiro proxecto, do arquitecto Cosin, foi revisado por Luque que o adaptou a un novo destino: Instituto, Biblioteca e sede da Deputación Provincial. Rematouse a obra en 1877, pero a fachada foi reformada por Cobreros en 1885.



35 PAZO DE ORBÁN E FONTE DA PORTA MIÑA

Pazo barroco de xénese aínda moi discutida. O seguro é que na súa forma actual foi rematado en 1769 baixo a dirección de Xosé González Sierra, por encargo do señor de Orbán Pedro Ramón Quiroga. No escudo están as armas dos Taboada, Armesto, Gaioso, Ulloa, Lemos, Válcárcel e Quiroga.



36 PAZO DOS SAAVEDRA DE MIRAZ

En 1763, Luís Fernando de Saavedra, dono da xurisdición de Miraz (Friol), encarga a Xosé González Sierra a traza desta casa. Na fachada destacan a portada e os facheiros do piso inferior e o balcón do primeiro andar. Un frontis triangular acolle o escudo de armas dos Saavedra.



37 PAZO DOS REXEDORES OSORIO

Século XVIII. Pertenceu ao rexedor da cidade Xoán Xosé Osorio Santiso e Umaña. Trazado probablemente por Ferro Caaveiro, a obra foi executada polo seu discípulo González Sierra. O escudo da porta principal amosa as armas da nai de Xosé Miguel Osorio Santiso e Ribadeneira, fillo do anterior e tamén rexedor de Lugo.



38 CUARTEL DE SAN FERNANDO

O Cuartel de Inválidos de San Fernando é un singular exemplo de arquitectura militar do s. XVIII. O enxeñeiro que dirixiu as obras, Bartolomé Amphoux Bonavia, recibiu en 1779 de Francisco Sabatini, arquitecto maior das obras reais de Carlos III, o plano e perfís do proxecto.



39 PRAZA DO CAMPO E FONTE DE SAN VICENTE FERRER

No corazón da cidade medieval, esta praza confórmase entre os ss. XII e XIII. Actualmente está enmarcada por edificios asoportados, a maioría deles do s. XVIII. A traída de augas, rematada polo bispo Izquierdo en 1754, incluíu a instalación da fonte barroca, cuxo deseño é atribuído a Frei Manuel dos Mártires.



Concello de Lugo
 Unha maneira de facer Europa
 Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
 UNIÓN EUROPEA
 Mais info: www.lugo.es/urban · www.lugo.es

Edición: XANEIRO 2012 · D.L.: LU 32-2012



24 CATEDRAL E MUSEO DIOCESANO

FOTO: Pepe Álvarez. El Progreso de Lugo



5 TORRE DA MOSQUEIRA



39 PRAZA DO CAMPO E FONTE DE SAN VICENTE FERRER



14 PISCINA ROMANA

OUTROS

40 O CAMIÑO DE SANTIAGO - CAMIÑO PRIMITIVO

41 ALBERGUE DE PEREGRINOS

42 RESERVA DA BIOSFERA · TERRAS DO MIÑO · CATAMARÁN

43 PZA. DE ABASTOS E MERCADO DE QUIROGA BALLESTEROS

44 CAPELA DO CARME OU DA VIRXE DO CAMIÑO

45 CAPELA DE SAN ROQUE E SAN SEBASTIÁN

46 PAZO DO MARQUÉS DE SAN MARTÍN

47 PAZO DA MAZA

48 CÍRCULO DAS ARTES

49 VELLO CÁRCERE

50 ESTACIÓN DE AUTOBUSES

51 CENTRO DE SERVIZOS MUNICIPAIS

INFORMACIÓN TURÍSTICA

52 CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA

53 CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO

Prazas reservadas en superficie para persoas con diversidade funcional.



EMBALAXES PARA PRODUTOS AUTÓCTONOS

Pode solicitalos coas súas compras nos seguintes locais adheridos a esta iniciativa neste momento:

- Arcadio Coroa. Praza de Abastos
- Cafetería Alimentación Vázquez Lolo. Praza de Abastos
- Delicium Tremens. Praza do Campo, 6
- El As del Jamón. Praza de Abastos
- La Sucursal. San Marcos, 1
- Mercarabastos. Praza de Abastos
- Quesería Gerardo. Mercado Quiroga Ballesteros
- Queixos Galegos Lola. Mercado Quiroga Ballesteros
- O Lar do Pobo. Praza do Campo Castelo, 1
- O Rei das Tartas. Rúa da Cruz, 18

Esta actuación está incluída na INICIATIVA URBANA (Proxecto URBAN) que está a desenvolver o Concello de Lugo, que conta co 70% de cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (P.O. FEDER GALICIA 2007-2013) (Declaración realizada en cumprimento do art. 8.4 do Regulamento (CE) nº 1828/2006).